



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E A ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO GEN PLUS PARA A ORGANIZACIÓN DUN WORKSHOP E A ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN SOBRE NIVELACIÓN INTERTERRITORIAL

En Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2016

REÚNENSE

Dunha parte Don Valeriano Martínez García, como Conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia para cuxo cargo foi nomeado polo Decreto 16/2015, do 9 de febreiro, e que actúa en representación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (en adiante a CONSELLERÍA) consonte o disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte, D. Santiago Lago Peñas, maior de idade, con DNI 33296581X que intervéñ en nome e representación da Asociación GEN PLUS con CIF G32474215, en calidade de Director.

Ámbalas as dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I

O Acordo 6/2009 do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), do 15 de xullo, para a reforma do sistema de financiamento das Comunidades Autónomas, creou o Comité Técnico Permanente de Evaluación (CTPE) no seo do devandito órgano.

O CTPE foi ademais recollido na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o Sistema de Financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía.



Na súa Disposición Adicional Sétima establécese que o CTPE *“valorará os distintos aspectos estruturais do Sistema de Financiamento, con carácter quinquenal, para informar sobre as posibles modificacións que se poidan someter á consideración do Consello de Política Fiscal e Financeira, en aras dunha mellor coordinación financeira, garantindo a autonomía e suficiencia das Comunidades e o equilibrio e sustentabilidade do sistema.”*

Co ánimo de emprender o proceso de análise e revisión do vixente modelo nos termos e prazos previstos na Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das Comunidades Autónomas, e na Lei 22/2009, do 18 de decembro, creouse o grupo de traballo do CTPE mediante Acordo do CPFF do 21 de marzo de 2013.

A función que se lle encomendou a este grupo de traballo foi a de analizar o efecto da aplicación do Sistema de Financiamento co obxecto de elevar a devandita análise ao CTPE.

A primeira reunión do grupo tivo lugar o 22 de xaneiro de 2014, concretándose na mesma as pautas que se ían seguir nos seus traballos e os prazos estimados para a súa realización.

Así, acordouse que nunha primeira fase, aquelas Comunidades Autónomas e cidades con Estatuto de autonomía que o estimasen oportuno, trasladarían á Secretaría do CPFF os seus estudos sobre a aplicación do Modelo de Financiamento vixente. Estes foron obxecto de posterior análise polo Ministerio para a súa valoración e refundición nun informe que, tras ser trasladado ás Comunidades Autónomas e cidades con Estatuto de autonomía para que realizasen as observacións oportunas, deviría nun documento definitivo.

A Comunidade Autónoma de Galicia enviou, en abril de 2014, un informe analizando polo miúdo o funcionamento do sistema durante o período 2009-2011, correspondente aos exercicios dos que se dispoñía de datos definitivos de liquidación naquel intre.

Unha vez presentado este informe definitivo no propio grupo de traballo, sería obxecto de remisión ao CTPE, co ánimo de avanzar cara ao seguinte paso da reforma.

Debido a que os estudos das Comunidades Autónomas e o documento global elaboráronse cando aínda non se coñecían os recursos definitivos dos anos 2012 e 2013, solicitouse ás Comunidades Autónomas que, no caso de que



considerasen que os seus estudos debían ser actualizados á vista dos devanditos datos, remítisen unha addenda que recollese a análise derivada da devandita información.

Desta forma, o informe que finalmente se elevase ao Comité estaría actualizado e contemplaría todo o quinquenio previsto na Disposición Transitoria Terceira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, para a primeira valoración dos resultados dos efectos da aplicación do Modelo.

A Comunidade Autónoma de Galicia enviou un documento adicional ao documento de análise anterior, recollendo os datos das liquidacións definitivas de 2012 e 2013, en xullo de 2015. Adicionalmente remítese un anexo coa estimación dos sobrecustos que, por razón dos elementos diferenciais existentes na nosa Comunidade, prodúcense na prestación dos servizos da súa competencia e a súa comparación co grao de cobertura existente para eles no sistema de financiamento vixente.

A partir dese momento, o MINHAP elabora un informe partindo da análise dos informes presentados polas quince Comunidades Autónomas de réxime común e as dúas cidades con Estatuto de autonomía, e completado a partir das observacións recibidas das mesmas, das addendas que algunhas comunidades elaboraron unha vez coñecidas as cifras definitivas dos recursos de 2012 e 2013, unha vez practicadas as liquidacións correspondentes aos devanditos anos, e das observacións posteriores incorporadas as ditas addendas ao informe.

Galicia incorpora observacións ao borrador de informe sintético do MINHAP en abril de 2016, que tentan reflectir mellor a postura da Comunidade Autónoma sobre a avaliación do funcionamento do sistema de financiamento no período analizado. Estas observacións incorpóranse ao documento final.

En base a todo iso, o Ministerio realiza un estudo de todos os informes presentados e un informe que sintetiza e consolida todas as ideas reflectidas nos estudos remitidos, ao considerar fundamental que nesta primeira fase de revisión do Sistema se parta exclusivamente das conclusións formuladas polas Comunidades Autónomas e cidades con Estatuto de autonomía.

II

A seguinte fase do proceso de revisión, xirará en torno ao deseño do que debe ser a revisión do modelo de financiamento autonómico, unha vez analizadas as principais debilidades do sistema vixente. É por iso polo que se precisa a



concreción dunha proposta de sistema de financiamento desde a Comunidade Autónoma de Galicia.

III

A Subdirección Xeral de Recursos e Análises Orzamentario, dependente da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos ten encomendada, segundo o decreto 101/2014, do 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda, a seguinte función: “A realización das actuacións necesarias para a determinación e seguimento dos recursos derivados do sistema de financiamento das comunidades autónomas”.

IV

A Asociación sen ánimo de lucro GEN PLUS (Governance and Economics research Network), presidida polo profesor Lago Peñas, desenvolve as súas actuacións de investigación en torno a tres campos, gobernanza e economía pública, economía sectorial e rexional e empresa familiar. No que atinxe á primeira liña de actuación, GEN PLUS parte dunha perspectiva interdisciplinar que integra expertos de múltiples ramas dende a ciencia política ata a xeografía económica. A súa análise abrangue todas as vertentes da actividade financeira do sector público, o ingreso e o gasto, prestando especial atención ás relacións intergubernamentais federais e aos procesos de descentralización.

GEN PLUS é membro de ECOBAS, agrupación promovida pola Universidade de Vigo que pretende unificar e consolidar a colaboración entre os grupos de investigación de referencia no ámbito da economía e a empresa para maximizar o impacto, académico, económico e social, das súas actividades de I+D+I, tanto a nivel rexional, como nacional e internacional.

No segundo semestre de 2016 a Asociación GEN PLUS vai organizar un workshop con expertos e elaborará un informe sobre nivelación interterritorial no que tratarán os seguintes aspectos: capacidade fiscal vs necesidades de gasto, nivelación parcial vs nivelación plena e o sistema foral e o REF Canario.

Unha vez realizado o diagnóstico do funcionamento do actual sistema de financiamento autonómico pola Consellería de Facenda, esta considera que é de interese xeral dispoñer da máxima información sobre nivelación interterritorial de xeito que lle permita superar de cara ao futuro as debilidades detectadas no actual sistema. A proposta dun novo modelo acorde ás necesidades e á realidade galega esixe un traballo exclusivo e pormenorizado, así como o coñecemento do detalle



dos traballos realizados neste campo noutras Comunidades Autónomas e países con sistemas de financiamento das administracións subcentrais.

Polo exposto, considerase de gran utilidade apoiar financeiramente a celebración das actividades da Asociación GEN PLUS.

A Asociación sen ánimo de lucro GEN PLUS cumpre cos requisitos para ter a condición de beneficiario da subvención, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V

Conforme ao establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é colaborar nos gastos das actividades que realizará a Asociación GEN PLUS no segundo semestre do 2016.

En consecuencia ámbalas dúas partes acordan asinar este convenio de colaboración con suxeición as seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é outorgar unha subvención de concesión directa, segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, á Asociación GEN PLUS para o desenvolvemento das actuacións que se relacionan na cláusula segunda.

SEGUNDA.- Actividades que se subvencionan

A Asociación GEN PLUS realizará estudos sobre nivelación interterritorial. Estes artellaranse a través dun workshop sobre:

- a nivelación interterritorial
- estimación de necesidades de gasto (estrutura demográfica por grupos de idade das diferentes Comunidades Autónomas de réxime común e as súas proxeccións, catálogo de servizos e prestacións a garantir polo sistema e deseño dun sistema de custo estándar para valoralos)



- avaliación da capacidade tributaria das diferentes Comunidades Autónomas de réxime xeral e os fondos de nivelación para o peche dun sistema de financiamento equitativo.

Con este convenio subvenciónase, tamén, a documentación que se elabore sobre Nivelación Interterritorial que comprenda os seguintes aspectos:

- a. Capacidade fiscal vs necesidades de gasto
- b. Nivelación parcial vs nivelación plena
- c. O sistema foral e o REF Canario

TERCEIRA.- Obrigas da Asociación GEN PLUS

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da Asociación GEN PLUS:

1. Presentar, con carácter previo á sinatura do convenio, unha declaración responsable na que se faga constar que a Asociación GEN PLUS non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, realización da actividade e o seu custo real.
4. Incorporar a imaxe corporativa da Xunta de Galicia – Consellería de Facenda segundo establece o Decreto 409/2009, do 5 de novembro (DOG nº 227 do 19/11/2009) polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia. Esta imaxe será incorporada en todos os soportes que se utilicen.
5. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.



CUARTA.- Obrigas da Consellería de Facenda

A Consellería de Facenda comprométese a colaborar coa Asociación GEN PLUS para a finalidade deste convenio coa achega económica estipulada na cláusula cuarta.

QUINTA.- Financiamento

O importe total da achega prevista no convenio ascende a un total de dezanove mil euros (19.000 €) que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 06.01.612A.481.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

A dita achega financiará exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio sen que ningunha das partes convenientes poida obter ningún lucro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos das actividades derivados deste convenio realizados desde o 1 de xullo de 2016 ata o 15 de decembro de 2016.

Ao abeiro do establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e coa finalidade de que poidan levar a cabo as actividades obxecto do convenio, realizarase un pagamento anticipado de 15.300 euros logo da sinatura do convenio.

SEXTA.- Xustificación e pagamento

Para percibir o importe desta subvención, a Asociación GEN PLUS deberá:

- Acreditar que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
- Acreditar que realizou as actividades obxecto deste convenio. Presentarán dúas copias da documentación que se elabore e das conclusións do workshops.
- Presentar unha certificación que acredite a realización das actuacións previstas neste convenio así coma o investimento da totalidade da subvención na



realización das ditas accións e o pagamento efectivo das actividades realizadas. Con esta certificación deben achegarse os xustificantes correspondentes que consistirán en facturas dos gastos realizados afectos á actividade, acompañados dos comprobantes do seu pagamento, xa sexa por transferencia bancaria ou por talón nominativo.

No caso de que os gastos sexan de persoal que participase nas actividades obxecto deste convenio deberanse presentar as nóminas e os comprobantes do seu pagamento, así como unha memoria xustificativa de adscrición deste persoal ao desenvolvemento da actividade da Asociación GEN PLUS.

A documentación xustificativa deberá entregarse na Consellería de Facenda antes do 15 de decembro de 2016.

A Consellería de Facenda realizará o pagamento restante da subvención á Asociación GEN PLUS unha vez comprobada a súa xustificación.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, as achegas da Consellería de Facenda diminuíranse proporcionalmente .

SEPTIMA.- Reintegro e perda do dereito ao cobro da subvención

Producirase a perda do dereito ao cobro da subvención que constitúe o obxecto deste convenio no suposto de falta de xustificación da subvención ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Serán causas de reintegro das cantidades percibidas e dos xuros de demora correspondentes as establecidas no artigo 33 da devandita Lei.

OITAVA.- Causas de resolución

Son causas de resolución do convenio :

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- b) O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.



NOVENA.- Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2016 sen prexuízo de que poidan subvencionarse actividades realizadas con anterioridade á sinatura do convenio.

DÉCIMA.- Exoneración de responsabilidade

A subscrición deste convenio non xerará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades obxecto deste acordo e maila Administración Autonómica, de xeito que non se lle poderá esixir á Consellería de Facenda ningunha responsabilidade nin directa nin indirecta nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de interpretación e seguimento

Constituirase unha Comisión de interpretación e seguimento do convenio, composta por dous representantes nomeados polo conselleiro de Facenda e outros dous pola Asociación GEN PLUS, que resolverá as controversias sobre a súa interpretación e execución.

A comisión reunirse a instancia de calquera das partes e rexerase, en canto ao seu funcionamento e réxime xurídico, pola normativa específica en vigor.

DÉCIMO SEGUNDA.- Solución de controversias

As controversias sobre a interpretación e execución deste convenio de colaboración serán resoltas de mutuo acordo entre as partes na comisión de interpretación e seguimento prevista na cláusula anterior.

Se non se chegase a acordo, as posibles controversias deberán ser resoltas na vía administrativa segundo o disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou norma que a substitúa e, de continuar o desacordo, na forma prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



DÉCIMO TERCEIRA.- Publicidade da colaboración das partes

De conformidade co previsto na cláusula segunda, Asociación GEN PLUS deberá dar axeitada publicidade da participación da Consellería de Facenda nas actividades obxecto deste convenio. No material que se utilice e se reparta con motivo dos eventos e das actividades que se realicen, ao amparo deste convenio, deberá facerse constar a colaboración desta consellería.

DÉCIMO CUARTA.- Compatibilidade da subvención

A subvención regulada neste convenio é compatible coa percepción de calquera outra achega económica para a mesma finalidade sempre e cando o conxunto das axudas non supere o custo e se evite o dobre financiamento.

A Asociación GEN PLUS queda obrigada a comunicarlle á Consellería de Facenda calquera outra axuda que poida percibir para a mesma finalidade.

DÉCIMO QUINTA.- Rexistro de convenios e publicidade da axuda

A sinatura deste convenio supón o consentimento expreso por parte da Asociación GEN PLUS para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao dito convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e cos Decretos 126/2006, do 20 de xuño, e 132/2006, do 27 de xullo, polos que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

DÉCIMO SEXTA.- Publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento a que os seus datos persoais que consten no convenio, e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO SÉPTIMA.- Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerase polo disposto nas súas cláusulas, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou norma que a substitúa e polas demais normas de dereito administrativo aplicable. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



DÉCIMO OITAVA.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente neste convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións.

As partes asinan este convenio por duplicado en proba de conformidade no lugar e data arriba indicados

O CONSELLEIRO DE FACENDA,

O PRESIDENTE DA
ASOCIACIÓN GEN PLUS

Valeriano Martínez García

Santiago Lago Peñas